

ANEXO II- MEMORIA DESCRIPTIVA

CENTRO: IES LUIS SEOANE

CIF: Q-8655623-J

NOME PROXECTO/ACTIVIDADE:

NEOFEM LUIS SEOANE

TRAXECTORIA DO CENTRO (Historia, entorno social, número de grupos e alumnado, persoal, plans e proxectos significativos levados a cabo nos últimos anos). Máximo 3000 caracteres.

O noso centro atópase no barrio de Monte Porreiro, un barrio nacido nos anos 70 e cunha compoñente multicultural e multiétnica. A súa oferta educativa é diversa: FPB, FP Media e Superior, Educación a Distancia, ESO e Bacharelato. Nas súas aulas conviven na actualidade 19 nacionalidades, conta con 867 estudantes e 68 profesoras e profesores e 10 membros do persoal non docente. Desde a súa fundación aceptou o seu compromiso por unha escola pública de calidade, inclusiva e igual para mozas e mozos. O compromiso por unha educación igual para mozas e mozos queda reflectido no PEC, nas programacións de aula e nos programas de dirección.

Ao longo dos anos desenvolveu programas e accións que contribuíron a educar na igualdade de xénero e a erradicar condutas sexistas, discriminatorias por razón da elección sexual ou violentas nas relacións interpersonais. Nesta liña colaborou na posta en marcha dunha rede galega de centros coeducadores, realizou os programas "Dona de sí", "365 de respecto e igualdade", "Galicons.net" e "Quérote+". A partir do curso 2014/2015 desenvolveu o proxecto "Obxectivo: Igualdade" impulsado por un grupo de alumnas e alumnos de 4º da ESO e que pretendía cambiar condutas e actitudes machistas e homofóbicas entre o alumnado. O proxecto impulsou unha campaña de sensibilización e debate entre o estudiantado e se estendeu a outros grupos do centro. A partir do mesmo alumnas do mesmo formaron parte do primeiro CMMN (Consello Municipal da Muller Nova) e colaboraron nas celebracións do 25 de novembro e 8 de marzo.

Ao tempo realizáronse investigacións para coñecer a situación das mulleres e nenas no mundo nos diferentes ámbitos da educación, a ciencia, a cultura, o deporte,...., e como membro da Rede de Escolas Asociadas da UNESCO estas investigacións foron compartidas con outras escolas no mundo e presentadas en encontros nacionais e internacionais. Prográmanse charlas compartidas con "mulleres exemplo de vida" ou se preparan exposicións, tamén realizaron auditorías de igualdade no centro e no Concello.

Como membro da Rede de Escolas Asociadas da UNESCO traballa no marco da Axenda 2030 para acadar o **Obxectivo do Desenvolvemento Sostible 5**, ou a meta 4.7 do **ODS 4**.

XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN E OBXECTIVOS. Máximo 2000 caracteres.

Dentro da revitalización do Consello da Muller Nova no noso Centro, o alumnado participante neste proxecto ten a iniciativa de formar un grupo de traballo chamado NeoFem Luis Seoane co obxectivo de visibilizar o mellor posible os contidos e iniciativas que se traballan en materia de igualdade no noso Centro. Buscamos mobilizar ao maior número posible de estudantes para promover unha actitude de defensa enérxica e orgullosa da igualdade e do respecto entre persoas. Os nosos obxectivos fundamentais eran: coñecer realmente a situación do Centro en materia de igualdade: que se sabe, que actitudes existen entre o alumnado que debemos potenciar e cales convén visibilizar e comezar a cambiar, queremos saber como se sinten as nosas nenas e nenos e como perciben os comportamentos discriminatorios entre iguais e tamén cal é a mensaxe que están a recibir por parte dos docentes e dos currículos educativos no tocante á igualdade e á visibilización das mulleres e do colectivo LGTBIQ. Queríamos sobre todo visibilizar e loitar contra calquer forma de violencia normalizada creando un grupo que promove valores de respecto, de irmandade e tamén de forza na denuncia da violencia para mellorar así a convivencia desde o Centro cara a contorna.

ACCÍONS, PROCEDEMENTOS E RECURSOS POSTOS EN PRÁCTICA. Máximo 3000 caracteres.

- Creación Do Grupo De Traballo Neofem Luis Seoane dentro do Consello Da Muller Nova Do Ies Luis Seoane
- Fase De Deseño Gráfico e Definición Do Grupo (Obxectivos, Formas De Traballo, Identificación, Logo, Nome, Instrumentos De Debate Interno, Instrumentos De Difusión Das Actividades, Deseño De Actuacións Concretas)
- Creación De Instrumentos De Redes Sociais Propias: Grupo De Traballo Interno E Grupos Públicos De Facebook, Instagram, E Blog
- Exposicións No Centro: Unha Exposición No Mes De Novembro Chamada "Violencia É..." Para Denunciar Conductas De Micromachismos E Violencia Nas Aulas Que Parten Da Propia Experiencia Do Alumnado Do Grupo De Traballo. Outra Exposición No Mes De Marzo Para Denunciar Situacións De Desigualdade Real Con Especial Importancia Da Fenda Salarial E Da Discriminación Laboral A Que Se Terán Que Enfrontar As Alumnas E Alumnos De Non Mudar Certas Prácticas De Abuso. Exposición De Homenaxe A Forges, Recentemente Falecido, Compilando Algunhas Das Súas Brillantes Viñetas. Exposición Sobre A Historia Do Movemento Feminista, Elaborada En Cursos Anteriores Por Alumnado Do Centro E Cedida Temporalmente Polo Concello.
- Elaboración Dunha Auditoría Interna No Centro Sobre Discriminación Nas Aulas E Nos Currículos: Elaboración Dun Informe No Que Se Fundamentan Peticións De Actuación Á Dirección Do Centro Para Actuar Directamente Sobre Problemas Detectados.
- Elaboración Dunha Tirada De Camisetas Cos Logos Do Grupo Para Difundir A Súa Mensaxe E Tratar De Recadar Fondos De Axuda A Asociacións De Mulleres vítimas de violencia de xénero
- Organización De Charlas E Concertos No Centro: Charla Da Asociación XTodas E Charla De Eva Mejuto E Concerto De Canela Cafuné.
- Elaboración de materiais para a exposición "Tamén Nós, tamén elas" con retratos e biografías de mulleres senlleiras na cultura galega, co obxectivo de correxir a ausencia das mesmas no mural presente no Centro con homes importantes na cultura galega.
- outras accións...

O primeiro que fai o grupo é constituirse como tal, cuns elementos que identifiquen claramente ao grupo e os seus obxectivos e como un grupo de acción permanente que quere influir na súa contorna: un nome, un logo, un catálogo de imaxes que sirven de base para difundir as súas mensaxes.

Crea ademáis uns canais que sirven primeiro como plataforma de traballo interno para reflexionar, propoñer e elaborar proxectos de intervención (grupos de traballo interno por medio de whatsapp, facebook e google drive fechados ao grupo de traballo) e tamén outras plataformas de difusión abertas a todo o mundo coa intención de difundir traballos e crear conciencia en toda a comunidade educativa (aínda que o éxito do proxecto fai que moitas das súas mensaxes cheguen moito mais alá do propio Centro educativo): unha conta de Facebook e de Instagram e un blog con contidos sobre igualdade.

O grupo busca potenciar o traballo autónomo dos estudantes que o conforman, co apoio e coordinación da representante de igualdade pero sempre buscando que as actividades propostas e a súa realización partan do propio alumnado e que este se converta en referente para toda a comunidade educativa.

TEMPORALIZACIÓN DA ACTUACIÓN. Máximo 2000 caracteres.

O grupo créase no curso 2017-18 e actúa dende outubro ata xuño pero a continuidade no seu traballo prolóngase durante o verán (unha das alumnas por exemplo está elaborando unha colección de retratos para a exposición Tamén Nós, Tamén Elas) e preparando a intervención no I Congreso de Igualdade de Setembro. O obxectivo é seguir e renovar o grupo de cara a futuros cursos ata o punto de que se convirta en unha referencia clara da loita do noso Centro pola Igualdade real.

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DO ENTORNO NAS ACTUACIÓNS REALIZADAS.
Máximo 2000 caracteres.

A labor do grupo contou coa participación directa do alumnado que compón NeoFem (que chegou a ter 16 compoñentes) na elaboración das actuacións. Pero ademáis contan coa implicación de outro alumnado que participa por exemplo na auditoría polo medio de enquisas (máis de 250 entrevistados), así como forma parte das actividades propostas: como público de charlas e concertos, é convidado a participar coas súas mensaxes na exposición do 8 de marzo. Tamén colaboramos estreitamente co alumnado de ciclos Formativos de Comercio que nos axudou a montar as nosas exposicións no hall e incluso promocionou activamente o noso grupo na feira de FP. Por parte do Equipo Directivo do Centro o grupo sempre contou con todo o apoio para o seu funcionamento así como para atender parte das demandas que plantea NeoFem a partir da auditoría realizada.

Nas actividades de difusión en redes contamos co apoio e participación tanto de profesorado como de familias que apoian e difunden as mensaxes do grupo. Así como tamén de personalidades e institucións de fora do Centro que colaboran na difusión das nosas actividades e mensaxes seguindo nos e compartindo os nosos contidos en RRSS.

INDICADORES DE DIFUSIÓN DA EXPERIENCIA (Visibilidade do proxecto, repercusión nos medios de comunicación, redes sociais...). Máximo 2000 caracteres.

A visibilidade de NeoFem ten certamente superado todas as nosas expectativas á hora de iniciar o noso proxecto, as cifras de visitas aos nosos contidos no Fb e no Instagram son impresionantes para o que nós agardávamos neste proxecto.

Superamos os 125 seguidores da páxina de Fb e as nosas publicacións acadan as 2871 visualizacións a de maior alcance, o que para nós é unha difusión elevadísima para un proxecto que como o noso comezou co obxectivo de interactuar de xeito modesto desde a nosa contorna educativa máis próxima.

Ademáis, as nosas actividades (exposicións, actividades e proxectos) son difundidos en moitas ocasións desde outros organismos, como a páxina do propio Centro educativo, desde o CIM de Pontevedra ou desde asociacións coas que colaboramos, como XTodas.

A difusión das nosas camisetas e chapas tamén ten superado as portas do propio Centro educativo.

VALORACIÓN DE LOGROS ACADADOS. Máximo 2000 caracteres.

O proxecto NeoFem ten acadado e superado os obxectivos inicialmente propostos. Primeiro polo elevado número de alumnado que participou no proxecto ao longo do curso implicándose e especializándose en distintas partes do proxecto. Ademais por ter conseguido asentarse no Centro como unha organización permanente con unha presenza continuada na vida do Centro ao longo do curso e ademais proxectarse a cursos seguintes.

Outro dos logros do proxecto foi a visibilización de formas de violencia e discriminación dentro das propias aulas, que ata ese momento estaban normalizadas e que desde que se visibilizan pasan a ser ou ben superadas ou a visibilizar a existencia dun conflito como primeiro paso para superalo.

A organización de actividades por iniciativa do propio alumnado e á marxe da dirección do profesorado é tamén un dos logros fundamentais, tanto a nivel final, como pola transcendencia que pode ter para a continuidade e autonomía do proxecto.

A labor de concienciación e educación dentro da comunidade educativa en peral por parte do grupo foi fundamental por exemplo para que o apoio ás mobilizacións do 8 de Marzo fose no Centro rotundo.

A difusión pública do proxecto a través das redes sociais foi moi importante, con continuas interaccións por parte tanto da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias), como desde fora do Centro, sendo moitas das nosas publicacións unha referencia amplamente difundida por seguidores, na loita contra o machismo e a discriminación.

PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS FUTURAS COMO CONSECUENCIA DO TRABALLO REALIZADO.
Máximo 2000 caracteres.

O grupo NeoFem continuará traballando no curso 2018-19 con proxectos xa iniciados. Un dos nosos obxectivos é a exposición permanente no Centro de retratos e biografías de galegas que fixeron unha importante aportación á nosa cultura e que polo de agora están ausentes neste recoñecemento, a diferenza dos autores masculinos. O proxecto, en función do presuposto do que dispoñamos, poderá ser máis ou menos ambicioso, incorporando como retratistas e/ou como talleres de pintura a distintas debuxantes e artistas actuais. Ademais desta actividade, darase continuidade ás actividades de anos anteriores e sobre todo ás novas planteadas por parte de novos compoñentes do grupo. Tamén temos pendente a realización dunha campaña de concienciación no comercio local, para visibilizar e solicitar o fin de exposición de contido sexista normalizado en escaparates ou comercios (por exemplo informando e solicitando aos comercios que eviten conductas sexistas na exposición e comercialización de xoguetes sexistas en campañas coma o Nadal). No Centro, o grupo NeoFem tratará de incorporar activamente a novos compoñentes tanto por parte do alumnado como do profesorado e familias co obxectivo de implantar o proxecto a longo prazo. Prestarase neste sentido especial atención ao blog iniciado no presente curso, como medio de compilación para a difusión de contidos xenerados no propio Centro en torno á igualdade.

RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE PRESENTA, se a houber

- DOC1: LOGOS E IMAXES DE NEOFEM
- DOC2: MANIFESTO FUNDACIONAL DE NEOFEM
- DOC 3: CAPTURA DE PANTALLA DA NOSA PUBLICACIÓN EN FB DO MANIFESTO CON MÁIS DE 2800 VISUALIZACIÓNS
- CARTEIS EXEMPLO DA CAMPAÑA "VIOLENCIA É..."
- DOCUMENTO 5: COPIA DA ENTREVISTA REALIZADA AO ALUMNADO DO CENTRO
- DOCUMENTO 6: CON C DE CONDEA
- DOCUMENTO 7: EXPOSICIÓN NO CENTRO DO 8 DE MARZO
- DOCUMENTO 8: LINK AO NOSO BLOG CON TRABALLOS SOBRE IGUALDADE E Á NOSA PÁXINA DE FB
- DOCUMENTO 9: CHARLA DA ASOCIACIÓN X TODAS
- DOCUMENTO 10: PUBLICIDADE DAS NOSAS CAMISETAS E CHAPAS
- DOCUMENTO 11: CATÁLOGO DE CAMISETAS

, de de 2018

SINATURA

CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN, IGUALDADE E XESTIÓN E PROGRAMACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS CULTURAIAS